

O proxecto que a continuación segue está **baixo a licenza de Creative Commons**:



Con **data 20 de outubro de 2010** a **Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica** ditou **resolución de concesión** ao abeiro da **Resolución do 15 de xuño de 2010** pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades sen ánimo de lucro, para actuacións de difusión relacionadas co desenvolvemento da Sociedade da Información no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, **cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e o Plan Avanza** publicadas no **DOG do 30 de Xuño de 2010 de conformidade co Decreto 325/2009 do 18 de xuño**. E para as cales concedeuse a **Asociación Amizade unha contía de 3.078,66 €** polo proxecto que presentamos a continuación:

MEMORIA DO PROXECTO “AS T.I.C. ACHEGÁNSE A TI”

1. HISTORIAL DA ASOCIACIÓN AMIZADE:

A asociación "Amistad" foi creada en 1988 por un grupo de persoas con discapacidade que buscaban vías de solución para os seus problemas. Pasa a formar parte de COGAMI en 1997, momento a partir do cal aumenta a actividade asociativa. Será en 2003 cando se produce un cambio no nome da asociación, motivado pola adaptación lingüística á lingua galega, pasando a chamarse Amizade (Asociación de persoas con discapacidade da comarca de Pontevedra).

Dende ese momento ata agora Amizade ten un crecemento que se aprecia ano tras ano, tanto en socios/as como en actividades, iniciativas ou prestacións.

O cambio máis recente foi en Xullo de 2007. Tras a construción dun centro de recursos, axeitado á demanda dos/as socios/as e das actividades; Amizade trasládase a Monte Porreiro.

Amizade ten como **misión** “conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en tódolos ámbitos da sociedade”.

Alguns dos **fin**s que contemplan os estatutos da asociación son:

- Acadar unha sociedade onde o grupo social das persoas con discapacidade poidan gozar dos seus dereitos en condicións de igualdade real, co máis absoluto respecto a súa dignidade e diversidade.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Modernización
e Innovación Tecnolóxica



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE INDUSTRIA, TURISMO
Y COMERCIO

PLAN
avanza2.0



- Defensa do dereito a un xeito de vida e a un entorno social que garanta a vida independente e o desenvolvemento autónomo de toda persoa con discapacidade.
- A defensa dos dereitos e liberdades das persoas con discapacidade severa ou de gran dependencia, así como a promoción da súa integración e participación activa na sociedade.
- Promover a plena integración escolar, laboral e social das persoas con discapacidade.
- Crear as condicións para que os socios/as poidan cumprir axeitadamente a misión.
- Promover actitudes sociais positivas cara a persoa con discapacidade.
- Promover a lexislación axeitada que mellore a situación do grupo social das persoas con discapacidade.
- Participar na Orientación, coordinación e impulso do Movemento Asociativo no que estea integrada a “Asociación Amizade” con criterios de solidariedade.
- Reunir e difundir información xeral e especializada sobre os problemas da discapacidade.

Ao longo dos 20 anos de vida da Asociación Amizade téñense posto en práctica numerosos proxectos e actividades encamiñados todos eles a mellorar a calidade de vida de toda a poboación en xeral, e a das persoas con discapacidade en particular.

Para o logro do obxectivo xeral pretendido, as actividades que ven desenvolvendo Amizade diríxense cara tres liñas de actuación:

- **Persoal:** Acadar unha repercusión directa no propio usuario/a mellorando as súas condicións físicas, intelectuais e cognitivas. Para isto, vense incidindo nas capacidades motoras que melloren a súa autonomía, incrementando os seus coñecementos a través do uso das novas tecnoloxías, promovendo hábitos saudables, ou capacitando para exercer unha profesión.
- **Familiar:** Favorecer as relacións familiares das persoas con discapacidade ofrecendo información ás familias e posibilitando situacións de respiro familiar.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Modernización
e Innovación Tecnolóxica



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE INDUSTRIA, TURISMO
Y COMERCIO

PLAN
AVANZA2



- **Socio-Laboral:** Conseguir una sociedade máis xusta que dea cabida a todos/as os/as cidadáns/as, valorando a diversidade non como un problema senón como unha característica persoal que enriquece á sociedade.

Os/as usuarios/as que acoden ao centro da Asociación proveñen fundamentalmente do concello de Pontevedra, aínda que tamén fan uso dos nosos servizos persoas doutros concellos da comarca (A Lama, Cotobade, Campo Lameiro, Barro, Poio, Vilaboa e Ponte Caldelas) e incluso doutros concellos próximos como Marín, Meis ou Ribadumia.

Son maioritariamente persoas con discapacidade física aínda que tamén participan persoas con discapacidade intelectual ou mixta. Non existen servizos definidos para un tipo concreto de discapacidade polo que as distintas persoas interrelaciónanse entre si, o que favorece o seu desenvolvemento persoal.

O noso centro ten por finalidade satisfacer as necesidades de promoción profesional e habilitación integral das persoas con discapacidade na súa zona de residencia, sempre axustadas as súas características persoais e polo tanto cun itinerario específico que lles permite superar os obstáculos que as veces supón a súa discapacidade.

Non pretende ter un carácter finalista ou residual, no sentido de que as persoas que participan no centro permanecen alí sen máis posibilidades de avance, senón que se contempla como unha oportunidade máis dentro do sistema laboral, sempre que sexa factible; e dicir, como unha etapa previa á formación ocupacional ou ao emprego, tanto nun entorno protexido (centros especiais de emprego) como nun emprego ordinario.

Resaltar, como outros datos da entidade, que Amizade cumpre coa Lei Orgánica de protección de datos de carácter persoal (**LOPD**). Tamén, que temos un compromiso claro e polo que apostamos dende xa hai anos, de **promoción da lingua galega**, empregando, así pois, o galego tanto nas nosas comunicacións internas e externas como en todo o material que publicamos (web e boletíns trimestrais, entre outro).

Contamos con páxina web propia: www.amizade.org, que permite a divulgación dos servizos que presta a entidade. Ademais, esta é completamente **accesible para persoas con discapacidade**. Isto non acontece na maioría das páxinas web existentes, nin sequera nas de moitas administracións públicas ou nas de moitas outras entidades. As persoas con discapacidade visual atopan verdadeiramente moitas dificultades á hora de utilizar a rede internet porque hai moi poucas páxinas



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Modernización
e Innovación Tecnolóxica



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE INDUSTRIA, TURISMO
Y COMERCIO

PLAN
AVANZA2»»



que poidan consultar; a nosa misión de conseguir a plena integración das persoas con discapacidade non se pode conseguir mediante mecanismos que en si mesmos discriminan a unha parte das persoas con discapacidade. Isto que pode parecer tan obvio non se cumpre nas páxinas web da maioría das asociacións de persoas con discapacidade.

Centrándonos xa nas **actividades** que se están a levar a cabo dende a nosa entidade, podemos destacar:

OBRADOIRO PRELABORAL DE HABILIDADES MANUAIS

O obxectivo que se plantexa con esta actividade é mellorar as capacidades manuais dos alumnos e alumnas que participan no mesmo, de xeito que co paso do tempo consigan adquirir a suficiente destreza nalgunha disciplina como para poder optar pola incorporación a un posto de traballo na empresa ordinaria ou nun centro especial de emprego.

Este taller ofrece diferentes produtos e técnicas de traballo favorecendo así unha maior diversificación na actividade e na mellora de habilidades.

Vense traballando desde hai anos na pintura de figuras de escaiola e máis recentemente na pintura de telares e deseño e pintura de obxectos de vidro.

OBRADOIRO DE ALFABETIZACIÓN INFORMÁTICA E INICIACIÓN Á OFIMÁTICA

Nel foméntase o desenvolvemento ocupacional, persoal e social dos usuarios/as para que superen os obstáculos con que se atopan na súa integración social e laboral a consecuencia da súa diversidade funcional. Sendo pois, o obxectivo que amplíen as súas posibilidades de acceso ao mercado de traballo a través da mellora na súa formación.

Neste senso, dánse nocións básicas dos compoñentes físicos do ordenador e da función que fan no proceso informático. Ensínaselles o manexo do Windows, a empregar o paquete Office e a navegar por Internet.

PISCINA TERAPÉUTICA

O obxectivo que se plantexa con esta actividade é mellorar as súas condicións físicas e de psicomotricidade, e consecuentemente, a súa autonomía.



FORMACIÓN

A asociación diseña, planifica, desenvolve e avalia cursos do Plan AFD (nestes últimos anos, impartíronse cursos de “Empregado de Oficina” e “Aplicacións Informáticas de Xestión”), así como, outros de formación ocupacional (como “Informática Básica” e “Recepcionista-Telefonista”).

EDUCACIÓN DE ADULTOS/AS

Actividade dirixida a persoas con discapacidade en idade adulta que carecen de formación regrada e/ou que non dominan as técnicas instrumentais elementais, sendo o seu obxectivo dota-las dos coñecementos, destrezas, habilidades e técnicas imprescindibles que lles faciliten a súa promoción persoal, social e laboral, así como a continuidade noutros procesos formativos.

OCIO E TEMPO LIBRE

A misión principal da asociación Amizade é “acadar a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade”. Un deses ámbitos sociais é o ocio e é por isto que a entidade está a facer importantes esforzos por ofrecer diversas alternativas que permitan ás persoas con discapacidade disfrutar del en condicións de igualdade.

SENSIBILIZACIÓN SOCIAL

A sensibilización social é unha tarefa continua no traballo da Asociación. Neste senso, envíanse notas de prensa analizando novas de actualidade, tratándoas desde unha perspectiva inclusiva e de normalidade nas que as persoas con discapacidade son unha parte máis da nova e non a nova en si mesma, fuxindo de visións paternalistas ou estigmatizantes.

Dentro da sensibilización tamén se inclúe a “Campaña de prevención de accidentes na fin de semana” que se ven desenvolvendo nos últimos anos e nas que persoas con discapacidade, derivada de accidentes de circulación acontecidos nas fins de semana, relatan como lles cambiou a vida e conseguen facer ver o que certos comportamentos irresponsables poden conlevar.

Outra actividade á que Amizade tamén presta unha atención especial é á incidencia política, tanto desde o punto de vista das políticas sociais como do deseño urbanos das vilas e cidades. Mantéñense contactos periódicos con concelleiros/as e técnicos/as municipais para transmitirle a visión que Amizade ten de como se deben desenvolver as políticas municipais.



Entre os **servizos** que ofrecemos, destacamos:

INFORMACIÓN E ASESORAMENTO

Complementariamente a todas estas actividades, Amizade ofrece tamén información e asesoramento a todas as persoas que o soliciten na sede da asociación, por teléfono ou por correo electrónico, en horario de 8:30 a 15:00h.

A resolución das mesmas ten lugar de forma inmediata polo persoal asalariado de Amizade, sempre que non requiran un asesoramento profesional específico; neses casos, a consulta é trasladada ás oficinas centrais que COGAMI ten en Santiago de Compostela onde un equipo multidisciplinar de profesionais (avogados/as, traballadores/as sociais, economistas...) redacta un informe coa resolución da consulta efectuada en non máis de catro días. Unha vez recibido este informe trasladaselle a resolución adoptada á persoa interesada.

Así pois, ofrécese información acerca dos recursos (en materia social, laboral, de mobilidade e accesibilidade, asociacionismo, etc) existentes para persoas con discapacidade, así como, asesoramento e apoio ás familias.

SERVIZO DE ACCESIBILIDADE

Aportamos asistencia técnica e orientación sobre deseño e materiais. Realizamos informes sobre niveis de accesibilidade en entornos xa construídos e en entornos por construír ou reformar.

SERVIZO DE TRANSPORTE ADAPTADO

O servizo de transporte adaptado constitúe unha verdadeira necesidade para as persoas con mobilidade reducida. A ausencia de transporte público accesible dificulta a participación de moitas persoas nas actividades do centro polo que, Amizade ante dita necesidade adquiriu un vehículo propio de transporte adaptado que posibilita dita participación e permite acadar un maior dinamismo do centro e unha maior posibilidade de integración e formación de persoas con discapacidade e mobilidade reducida.

COLABORACIÓN CON SPE DA COGAMI

En colaboración co Servizo de Intermediación Laboral de COGAMI (centro colaborador do Servizo Público de Emprego), asociáronse persoas con discapacidade provintes doutros concellos limítrofes.



Dende a Asociación ofrecemos a nosa colaboración, orientando e xestionando todas aquelas intervencións que teñan que ver con este servizo e dende o SIL se lles asesora e axuda en todo o relacionado con Amizade.

De cara o futuro, plantexámonos:

FUTURO CENTRO DE DIA PARA PERSOAS CON GRAN DISCAPACIDADE FÍSICA

A finais do presente ano 2010 pretendemos se inaugure un Centro de Día na nosa sede social. Este estará dirixido a persoas con gran discapacidade física e a través do deseño, planificación e avaliación de Itinerarios Individuais de programas e servizos axeitados ás necesidades sociais, formativas, laborais e persoais das persoas con discapacidade pretendemos mellorar o seu grado de autonomía persoal fundamentalmente.

Entre outros, plantexámonos obxectivos como:

- ⇒ Acadar a máxima independencia persoal.
- ⇒ Adquirir hábitos sociais tendentes á integración social.
- ⇒ Integrarse axeitadamente ao medio familiar de pertenza.
- ⇒ Evitar o aillamento no seno familiar ou institucional.
- ⇒ Desenvolver actividades ocupacionais previamente seleccionadas e organizadas dacordo ás posibilidades dos/as usuarios/as.
- ⇒ Apoiar e orientar á familia.
- ⇒ **Analizar e favorecer as capacidades persoais e laborais en relación ás novas tecnoloxías.**
- ⇒ **Promover a súa participación autónoma no mundo das novas tecnoloxías.**

Neste senso, o Centro contará coas seguintes areas:

- Área de Atención Persoal-Familiar: Atención psicolóxica, Información e Asesoramento, Rehabilitadores-Funcionais (Fisioterapia, Ximnasia Preventiva), Educativos Básicos (Hábitos de comportamento, cálculo básico, lecto-escritura, etc.).
- Área Ocupacional e Prelaboral: Obradoiros e Actividades Artesanais, Actividades Complementarias relacionadas coas Novas Tecnoloxías.
- Área de Emprego e Formación: Formación para a Inserción Profesional.



2. DENOMINACIÓN DO PROXECTO:

“AS T.I.C. ACHEGÁNSE A TI”

3. OBXECTIVOS:

Principal:

- Difundir, sensibilizar e promover o desenvolvemento e implantación da sociedade da información entre as persoas con discapacidade.

Secundarios:

- Achegar ás novas tecnoloxías ás persoas con discapacidade.
- Fomentar a innovación no ámbito das tecnoloxías da información e a comunicación.
- Contribuir, a través do uso e manexo das T.I.C., á participación e integración social das persoas con discapacidade.

3. XUSTIFICACIÓN:

O avance tecnolóxico aportou ao ser humano novas e maiores posibilidades de desenvolver un modo de vida máis completo. Sen embargo, a construción dunha sociedade cada vez máis avanzada fíxoa ao mesmo tempo, máis complexa, na que continuamente novos e específicos coñecementos e habilidades se esixen ás persoas. No caso das persoas con discapacidade a progresiva complexidade do medio social pode ter, sen embargo, o efecto contrario ao buscado polo progreso social.

Neste senso e dende hai anos, “Amizade” ven apostando pola promoción e achegamento das novas tecnoloxías entre os/as seus/súas asociados/as. Somos conscientes da importancia que teñen as novas tecnoloxías da información e comunicación na sociedade globalizada na que vivimos e das múltiples posibilidades que abren as mesmas, xa que compensan e contribúen a mellorar a súa autonomía persoal, facilitando a súa comunicación e o acceso á información. É dicir, darlles a coñecer as T.I.C. é abri-lles oportunidades de participación e integración na sociedade.

Tendo en conta a súa importancia, levase a cabo un “Obradoiro de Alfabetización Informática e Iniciación á Ofimática” no que participan unha veintena de socios/as e ademais de formarse no uso e manexo das novas tecnoloxías da comunicación e información, posibilitálles o acceso ao mercado laboral en continua evolución.



Este Obradoiro é financiado pola Deputación de Pontevedra, a cal sufraga os gastos de profesorado e manuais, mais precisamos de novos equipos informáticos, así como, doutro material informático que permita o correcto desenvolvemento do mesmo.

4. LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE:

O Obradoiro lévase a cabo no centro da entidade, ubicado na rúa Alemaña, 23-baixo. Monte Porreiro (Pontevedra). C.P.: 36.162.

5. BREVE DESCRIPCIÓN DO OBRADOIRO DE ALFABETIZACIÓN INFORMÁTICA E INICIACIÓN Á OFIMÁTICA:

Neste ano, o Obradoiro ten unha duración total de oito meses. Impártese de marzo a novembro (agás o mes de agosto, que non é lectivo), en horario de 10:00 a 14:00 e mércores, xoves e venres de 10:00 a 12:00, sumando un total de 288 horas.

O obxectivo do mesmo é fomentar o desenvolvemento ocupacional, persoal e social dos/as participantes, contribuíndo a superar os obstáculos cos que se atopan na súa integración social e laboral a consecuencia da súa diversidade funcional.

Os contidos que se abordan son Windows, Word, Excel, Internet, entre outros.

Tamén, compre indicar que a aula dotada de equipos informáticos tamén, está aberta, en horario de oficina (de 08:30 a 15:00), a todos/as os/as socios/as da entidade que queiran facer uso da mesma.

6. TEMPORALIZACIÓN:

O calendario do Obradoiro de Alfabetización Informática e Iniciación á Ofimática é o que se reflicte a continuación.



XANEIRO						
L	M	Mi	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

FEBREIRO						
L	M	Mi	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28

MARZO						
L	M	Mi	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

ABRIL						
L	M	Mi	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		

MAIO						
L	M	Mi	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

XUÑO						
L	M	Mi	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

XULLO						
L	M	Mi	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

AGOSTO						
L	M	Mi	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

SETEMBRO						
L	M	Mi	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

OUTUBRO						
L	M	Mi	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

NOVEMBRO						
L	M	Mi	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

DECEMBRO						
L	M	Mi	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

7. DESTINATARIOS/AS:

Os/as principais destinatarios/as son as persoas con discapacidade, e máis concretamente, os/as alumnos/as do Obradoiro de Alfabetización Informática e Iniciación á Ofimática. Tamén, indirectamente os socios e socias que a entidade ten na actualidade. Neste intre, Amizade conta con preto de 115 socios/as activos/as.



8. ORZAMENTO:

Gastos (sen I.V.E.):

Equipos Informáticos: Precisaríamos de dous equipos informáticos básicos e tres mellor equipados para tarefas máis complexas de deseño, por exemplo.

Concepto	Cantidade	Prezo
Equipos Informáticos	2	643,94 €
Equipos Informáticos máis especializados	3	2.278,47 €
TOTAL		2.922,41 €

Material Informático:

Concepto	Cantidade	Prezo
Toner (3 negro, 2 cor)	5	253,25 €
Tinta	2	26,14 €
Track-ball	5	164,00 €
Web-cam	4	82,00 €
Pen-drive	15	174,09
Material vario	1	66,65 €
TOTAL		766,13 €

TOTAL GASTOS SEN I.V.E.:

TOTAL	3.688,54 €
--------------	-------------------

Ingresos:

Amizade conta con fondos propios, derivados da recaudación de cotas aos seus asociados/as, así como, doacións. Polo que, podería sufragar o 15 % do gasto solicitado, ascendendo a cantidade a 553,18 €.

Concepto	Prezo
Cotas socios/as e aportacións	553,28 €

ORZAMENTO TOTAL:

Tendo en conta pois os gastos e ingresos descritos, o orzamento total solicitado ascende a:



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Modernización
e Innovación Tecnolóxica



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE INDUSTRIA, TURISMO
Y COMERCIO

PLAN
avanza2»»



<u>Orzamento TOTAL</u>	3.135,25 €
-------------------------------	-------------------